

PRÓRROGA PARA O ANO 2023 DO CONTRATO PROGRAMA DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 PARA A COORDINACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE URXENCIAS MÉDICAS 061, NO PERÍODO 2021-2022

En Santiago de Compostela, na data sinalada na sinatura electrónica de este documento

REUNIDOS

Dunha parte,

Doña M^a Estrella Lopez-Pardo Pardo, xerente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación deste, en uso das atribucións delegadas, de conformidade co establecido no artigo 4, punto j) da Orde do 22 de abril de 2020, sobre delegacións de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade, e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Doutra parte,

Doña Adriana Regueira Pan, con NIF 34887867-H en calidade de directora da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (en adiante FPUSG-061), en virtude das facultades conferidas nos seus estatutos, aprobados e recollidos no Anexo do Decreto 276/2001, de 27 de setembro, de adaptación das Fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo.

Ambas partes recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar o presente documento, e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- En sesión do Consello da Xunta de 15 de abril de 2021 aprobouse o Contrato Programa da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061 para a coordinación e prestación de servizos de Urxencias médicas no período 2021-2022.

Segundo.- No acordo do Padroado da FPUSG-061 de data 22 de setembro de 2021 aprobouse a primeira addenda ao Contrato programa, como consecuencia da creación de tres prazas de médico asistencial, e por outra banda da licitación do expediente AB FUS1 21-006 de prestación do servizo de transporte sanitario urxente na área de Baixo Miño, que supuxo un aumento na transferencias do SERGAS á

FPUSG-061 para o ano 2021 en canto á creación de prazas de médico asistencial, e para o ano 2022, en canto á licitación do expediente AB FUS1 21-006.

Terceiro.- No acordo do Padroado da FPUSG-061 de data 17 de decembro de 2021 aprobouse a segunda addenda ao Contrato programa, como consecuencia da necesidade de reflectir:

- a.- A transferencia corrente do SERGAS á FPUSG061 no mesmo importe que figuraba no Programa de Actuación, Investimento e Financiamento da Fundación para o ano 2022, por canto o importe relativo ao aumento dos custos de persoal para 2022, no estaban previstos no documento que foi aprobado no Padroado o 22 de setembro de 2021, dado que nese intre os Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022 non tiñan sido presentados ao Parlamento de Galicia para súa aprobación.
- b.- A modificación na natureza das transferencias que realiza o SERGAS á FPUSG-061 no relativo á subvención prevista no ano 2021 como transferencia de capital, que no ano 2022 pasou a considerarse transferencia corrente.

Cuarto.- En sesión do Padroado da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061 de data 15 de novembro de 2022, acordase a prórroga para o ano 2023 do contrato programa da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061 para a coordinación e prestación de servizos de Urxencias médicas no período 2021-2022 no importe de **73.845.648,00 €: setenta e tres millóns, oitocentos corenta e cinco mil, seiscentos corenta e oito euros.**

Quinto.- Por acordo do Consello da Xunta de 22 de decembro de 2022 acordase a autorización da prórroga para o 2023 do contrato programa da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061 para a coordinación e prestación de servizos de Urxencias médicas no período 2021-2022.

Así, de conformidade co sinalado nos antecedentes e o previsto no artigo 86.3 da Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, ambas partes acordan subscribir a prórroga do Contrato Programa con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

1. INTRODUCCIÓN



O Decreto 172/1995, do 18 de maio, regula o plan de urxencias extrahospitalarias de Galicia baixo as directrices de mellora e modernización da atención sanitaria, e para garantir e facilitar o seu desenvolvemento, creouse mediante a Orde do 9 de outubro de 1995, unha unidade central de coordinación de urxencias médicas.

O Decreto 179/1999, do 27 de maio, autorizou á constitución da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061 (no sucesivo FPUSG-061), establecendo os seus estatutos e asignándolle a xestión da Central de Coordinación de Urxencias Médicas. Pola súa banda a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e réxime orzamentario e administrativo, establece na súa disposición adicional sétima, a transformación das fundacións sanitarias constituídas pola Comunidade Autónoma en fundacións de titularidade e natureza pública. A dita natureza e titularidade estableceuse mediante o disposto no decreto 276/2001, de 27 de setembro.

O Decreto 276/2001 establece, así mesmo, que o Servizo Galego de Saúde determinará para cada fundación os criterios de planificación aos que suxeitará a súa actividade e concretará as prestacións sanitarias que deban realizarse, e no seu artigo 24 sinala que o Servizo Galego de Saúde subscribirá contratos programas coas Fundacións Públicas Sanitarias, co gallo de vincular o financiamento das Fundacións cos criterios de planificación do SERGAS e as necesidades dos usuarios.

Con data 29 de decembro de 2006 asinase o primeiro Contrato Programa entre o SERGAS e a FPUSG-061. Rematado o ámbito temporal dese contrato programa, o 1 de xaneiro de 2014 asinase o segundo contrato programa 2014-2015, que foi obxecto de sucesivas prórrogas a última de data 27 de decembro de 2019 ata o 31 de decembro de 2020, e de addendas ao mesmo, a última addenda de data 17 de setembro de 2020.

En sesión do Consello da Xunta de 15 de abril de 2021 aprobouse o Contrato Programa da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061 para a coordinación e prestación de servizos de Urxencias médicas no período 2021-2022. Por acordos do Padroado da FPUSG-061 de data 22 de setembro e 17 de decembro de 2021 apróbanse dous Addendas ao devandito documento.



2.- OBXECTO DO CONTRATO PROGRAMA

O obxecto do presente contrato programa é establecer o marco de relacións entre a FPUSG-061 e a Administración da Comunidade Autónoma e, polo tanto, determinar os compromisos de cada parte para a consecución da misión da dita FPUSG-061 como entidade encargada de ofrecer ao cidadán a resposta máis adecuada en cada momento á súa solicitude de consulta e asistencia sanitaria urxente extrahospitalaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os servizos prestaranse aos pacientes beneficiarios da Seguridade Social no territorio da Comunidade Autónoma Galega.

3.-VIXENCIA DO CONTRATO PROGRAMA

A vixencia deste contrato programa comezará dende o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, e estenderase ata o 31 de decembro de 2022.

Transcorrido o prazo da vixencia, este poderase prorrogar, por períodos anuais, por acordo expreso entre as partes, trala existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, por un prazo máximo de dous anos mais. No acordo de prórroga fixarase o importe máximo de cada anualidade.

Este documento abrangue a primeira prórroga do contrato programa para o exercicio 2023, e comezará a súa vixencia desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023.

4. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, LIÑAS DE ACTUACIÓN, OBXECTIVOS OPERATIVOS E PROXECTOS

a) Misión e visión da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

Continuando co proceso de mellora continua e procura da excelencia, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 desenvolveu o seu plan estratéxico 2018-2021, aprobado polo padroado en decembro de 2017 de



forma que a Misión, Visión e Valores serán despregados a través dos eixes do plan estratéxico e aliñados coa Estratexia Sergas 2020. O plan estratéxico guiará o rumbo da FPUSG-061, quedando reflectido nel a:

Misión:

Ofrecer ao cidadán a solución inmediata máis adecuada ao seu problema de saúde.

Visión:

Liderar a atención á urxencia e a emerxencia sanitaria en Galicia, de forma integral e centrada no paciente.

b) Obxectivos estratéxicos e operativos

A estratexia en vigor recóllese no Plan estratéxico 2018-2021 onde se contemplan os obxectivos estratéxicos, así como os obxectivos operativos, nos que se concretan cada un deles, e os indicadores estratéxicos. Nesta liña e tendo en conta as novas expectativas e necesidades da sociedade actual no que a saúde se refire, a metodoloxía utilizada pola FPUSG-061 para a elaboración do seu novo plan estratéxico apóiase novamente na innovación, a creatividade e a autonomía: innovación nas formas de comunicar, creatividade nos métodos de traballo e autonomía para avanzar na xestión. Con estas premisas formuláronse os seguintes obxectivos estratéxicos:

- **Satisfacción das necesidades sanitarias da poboación:**
- **Integración proactiva coa estratexia SERGAS**
- **Compromiso coa excelencia na xestión**
- **Visibilidade na sociedade**
- **Xestión eficiente de alianzas e recursos**
- **Xestión das persoas**



Este contrato programa alíñase de forma xeral cos obxectivos estratéxicos da FPUSG-061 xa que, aínda que non se formulen obxectivos operativos para todas os obxectivos estratéxicos anteriormente numerados, están presente de forma transversal neste contrato programa, debido a que obxectivos estratéxicos como; o compromiso coa excelencia na xestión, visibilidade na sociedade e xestión eficiente de alianzas e recursos serán necesarios para conseguir satisfacer as necesidades da poboación de forma integrada coa estratexia do Sergas

Polo tanto os obxectivos estratéxicos céntranse en acadar que os cidadáns galegos, cando chamen ao 061, saiban que o noso obxectivo é coidar da súa saúde. Para poder facelo precisamos que teñan acceso a través do teléfono 061 rapidamente e sen esperas. E que, se fora necesario a súa asistencia presencial o seu traslado a un centro sanitario, mobilizar fundamentalmente ambulancias da Rede de Transporte Sanitario Urxente. Tamén, coa finalidade de manter a equidade, traballamos para facer unha distribución axeitada dos recursos, tanto de ambulancias de soporte vital básico (AA-SVB) coma de soporte vital avanzado (AA-SVA) e helicópteros medicalizados. Contando sempre con persoal formado, comprometido e aliñado coa estratexia da organización.

En base a estas premisas defínense os seguintes obxectivos estratéxicos e operativos:

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: SATISFACCIÓN DAS NECESIDADES SANITARIAS DA POBOACIÓN:

Este obxectivo estratéxico formula unha asistencia sanitaria urxente centrada no paciente, facilitando a súa accesibilidade ao sistema sanitario. Para conseguir isto, desenvólvense os seguintes obxectivos operativos:

Obxectivo operativo 1: Optimizar a adecuación da atención: realizar unha xestión eficiente da demanda e unha adecuada xestión dos recursos. Este obxectivo operativo está enfocado en conseguir, que nas situacións en que un cidadán requira asistencia sanitaria presencial, transporte sanitario ao ambas



as cousas, se faga de forma eficiente a través dunha adecuada asignación de recursos. Coa finalidade de acadar un nivel óptimo nos tempos de asistencia.

1.1. Indicador: porcentaxe de poboación cuberta por AA-SVB en menos de 15 minutos (mobilización-asistencia).

Descrición: mide a porcentaxe de poboación cuberta polos recursos asistenciais de AA-SVB en menos de 15 minutos dende que se produce a mobilización do recurso ata a asistencia.

Fórmula:

$$\frac{\text{Poboación cuberta na isocrona de 15 minutos por AA-SVB} \times 100}{\text{Poboación total da Comunidade Autónoma}}$$

Valor conseguido no período 2019-2020:

- **2019: 99,87 %**
- **2020: 99,33 %**

Obxectivo anual: **≥ 90,00%**

1.2. Indicador: Porcentaxe de poboación cuberta por AA-SVA en menos de 20 minutos (mobilización-asistencia).

Descrición: mide a porcentaxe de poboación cuberta polos recursos asistenciais de AA-SVA en menos de 20 minutos dende que se produce a mobilización do recurso ata a asistencia.

Fórmula:

$$\frac{\text{Poboación cuberta na isocrona de 20 minutos por AA-SVA} \times 100}{\text{Poboación total da Comunidade Autónoma}}$$

Valor conseguido no período 2019-2020:

- **2019: 75,58 %**
- **2020: 74,06 %**



Obxectivo anual: $\geq 65,00\%$

1.3 Indicador: tempo de mobilización dos recursos ambulancias asistenciais de soporte vital básico (AA-SVB) en emerxencias.

Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o recurso asistencial AA-SVB recibe a orden de mobilización dende a CCUSG-061 ata que inicia efectivamente o desprazamento cara o punto do incidente. Mídese dende os rexistros automáticos do sistema GPS.

Fórmula:

$$\frac{\sum (\text{H. mobilización} - \text{H. activación}) \text{ emerxencias (AA-SVB)}}{\text{Número total de mobilizacións emerxencias (AA-SVB)}}$$

O tempo resultante desta fórmula expresarase en minutos e segundos.

Valor conseguido no período 2019-2020:

- **2019:** 00:01:42
- **2020:** 00:02:03

Obxectivo anual: ≤ 3 minutos 30 segundos

1.4 Indicador: tempo de mobilización dos recursos ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (AA-SVA) en emerxencias

Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o recurso asistencial AA-SVA recibe a orden de mobilización dende a CCUSG-061 ata que inicia efectivamente o desprazamento cara o punto do incidente. Mídese dende os rexistros automáticos do sistema GPS.

Fórmula:

$$\frac{\sum (\text{H. mobilización} - \text{H. activación}) \text{ emerxencias (AA-SVA)}}{\text{Número total de mobilizacións emerxencias (AA-SVA)}}$$



Valor conseguido no período 2019-2020:

- **2019: 00:02:05**
- **2020: 00:02:28**

Obxectivos anual: ≤ 3 minutos 30 segundos

1.5 Indicador: tempo de mobilización dos helicópteros en emerxencias.

Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o recurso asistencial recibe a orden de mobilización dende a CCUSG-061, ata que o helicóptero despegou, ten a suficiente altura, e pon rumbo ao seu destino.

Fórmula:

$$\frac{\sum (\text{H. mobilización} - \text{H. activación}) \text{ emerxencias helicóptero}}{\text{Número total de mobilizacións emerxencias helicóptero}}$$

Valor conseguido no período 2019-2020:

- **2019: 00:05:19**
- **2020: 00:05:08**

Obxectivos anual ≤ 8 minutos

Obxectivo Operativo 2. Potenciar a accesibilidade. Este obxectivo operativo está enfocado en conseguir, a accesibilidade as 24 horas do día os 365 días do ano, con iguais posibilidades, independentemente da localización xeográfica do usuario dentro da comunidade autónoma.

2.1 Indicador: porcentaxe de chamadas perdidas.

Descrición: mide o número de chamadas por liña 061 que non chegan a ser, inicialmente, atendidas por un operador con relación ao total de chamadas recibidas nun período de tempo determinado. Inclúe as chamadas colgadas



polo alertante antes de seren atendidas por un teleoperador (abandonadas) e aquelas rexeitadas polo sistema nas que o alertante recibe un ton de liña ocupada (comunicando).

Fórmula:

$$\frac{(\text{N}^\circ \text{ de chamadas abandonadas} + \text{rexeitadas}) \times 100}{\text{N}^\circ \text{ total de chamadas rexistradas na CCUSG-061}}$$

Valor conseguido no período 2019-2020:

- **2019:** 2,20 %
- **2020:** 5,90 %

Obxectivo anual: ≤ 4,00 %

2.2 Indicador: chamadas atendidas nun tempo de espera máximo de 10 segundos.

Descrición: porcentaxe de chamadas con resposta do persoal que xestiona as chamadas nun tempo inferior ou igual a 10 segundos sobre o total das chamadas xestionadas.

Fórmula:

$$\frac{(\text{N}^\circ \text{ de chamadas xestionadas nun tempo de espera máximo de 10 sg.}) \times 100}{\text{N}^\circ \text{ total de chamadas rexistradas na CCUSG-061}}$$

Valor conseguido no período 2019-2020:

- **2019:** 81,43 %
- **2020:** 74,69 %

Obxectivo anual: ≥ 75 %



2.3 Indicador: tempo de espera para a consulta médica

Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o teleoperador traspasa a ficha clasificada como consulta médica ata que é atendida polo médico coordinador.

Fórmula:

$$\frac{\sum (H. \text{traspaso} - H. \text{atención do médico}) \text{ Procesos de Consulta non clasificados como emerxencia} \times 100}{\text{Nº total de procesos de Consulta non clasificados como emerxencias}}$$

Valor conseguido no período 2019-2020:

- 2019: 00:01:25
- 2020: 00:04:36

Obxectivo anual: ≤ 2 minutos y 15 segundos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2: INTEGRACIÓN PROACTIVA NA ESTRATEXIA DO SERGAS

Este obxectivo estratéxico basease fundamentalmente na integración operativa e óptima coordinación, entre os distintos niveis asistenciais e servizos implicados na detección, e tratamento rápido, de os procesos tempo-dependentes. Para acadar este obxectivo desenvólvense os seguintes obxectivos operativos:

Obxectivo Operativo 1 Liderar o desenvolvemento de procesos tempo-dependentes.

Desenvolver e mellorar procesos integrados a patoloxías tempo-dependentes coas diferentes Áreas Sanitarias do Sergas (Progaliám, Parada cardio-respiratoria...)

1.1 Indicador: número de atencións con tempo de decisión de reperusión no SCACEST ≤ a 30 minutos (%)



Descrición: mide o tempo que transcorre dende a realización do electrocardiograma diagnóstico de Síndrome coronario agudo con elevación de ST (SCACEST), nos recursos asistenciais de SVA, ata que se fai a elección da estratexia terapéutica axeitada

Fórmula:

$$\frac{\text{Nº Pacientes asistidos recursos medicalizados por SCACEST con tempo de decisión reperfusión < 30x 100}}{\text{Nº total de pacientes asistidos por SCACEST}}$$

Valor conseguido no período 2019-2020:

- **2019: 96,62 %**
- **2020: 94,66 %**

Obxectivo anual: $\geq 90 \%$

1.2 Indicador: porcentaxe de pacientes que sufriron unha PCR con recuperación de circulación espontánea tras manobras de RCP nos recursos asistenciais de SVA.

Descrición: nº de pacientes que sufriron unha parada cardio-respiratoria (PCR) nos que un recurso asistencial de SVA fixo manobras de reanimación cardio-pulmonar e o paciente recuperou circulación espontánea.

Fórmula:

$$\frac{\text{Nº Pacientes asistidos recursos medicalizados por PCR con recuperación de circulación espontánea x 100}}{\text{Nº total de pacientes asistidos por PCR}}$$

Valor conseguido no período 2019-2020:

- **2019: 23,77%**
- **2020: 24,51 %**

Obxectivo anual: $\geq 15\%$



OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: XESTIÓN DAS PERSOAS.

Os nosos profesionais son o noso principal activo, e queremos que se impliquen e involucren na organización, cun sistema de xestión por competencias baseado na formación, a avaliación e o recoñecemento profesional. Para isto desenvólvense os seguinte obxectivos operativos.

Obxectivo Operativo 1 Aliñación cos obxectivos da Organización

A FPUSG-061 ten establecido uns obxectivos, para unha ampla maioría dos profesionais, totalmente aliñados coa estratexia, relacionados coas actividades e funcións desenvolvidas e coa posta en marcha de accións de mellora. Concrétase en incentivos económicos segundo o cumprimento dos obxectivos e o grupo profesional ao que pertenza.

1.1 Indicador : cumprimento dos obxectivos individuais

Descrición: porcentaxe de cumprimento dos obxectivos individuais anuais das persoas da organización suxeitas a obxectivos.

$$\frac{\sum \text{porcentaxes de obxectivos acadados}}{\text{Nº persoas suxeitas a obxectivos}} \times 100$$

Valor conseguido no período 2019-2020:

- **2019: 94,97%**
- **2020: Valoración non finalizada**

Obxectivo anual: ≥ 85%

Obxectivo Operativo 2: Manter un elevado nivel da capacitación.

1.1 Indicador : satisfacción media do persoal sanitario coa formación interna.

A formación interna sigue unha sistemática para detectar, programar, desenvolver e avaliar as accións formativas internas do persoal sanitario, de forma que sexan instrumento de xestión e contribúan á mellora da cualificación e capacitación profesional do persoal. Contempla en primeiro



lugar a adecuación da formación dos profesionais a cada un dos perfís competenciais definidos, e á súa vez integra as necesidades sentidas de formación, e os cambios xurdidos na práctica clínica derivados da evidencia científica

Descrición: resultado medio das enquisas de satisfacción das actividades de formación interna.

ΣResultados enquisa satisfacción en actividades formación interna
Nº enquisas realizadas

Valor conseguido no período 2019-2020::

- **2019: 9,1**
- **2020: Valoración non finalizada**

Obxectivo anual: ≥ 8

5. MARCO ECONÓMICO FINANCEIRO

5.1 FINANCIAMENTO

A FPUSG-061 financiarase a través dos seus recursos propios e das transferencias e subvencións que poida recibir das Administracións Públicas.

Os recursos propios da Fundación poden clasificarse en

- Prezos públicos pola prestación de servizos cando existan terceiros obrigados ao pagamento, conforme o disposto no anexo IX do Real Decreto 1030/2006, do 20 de xaneiro, sobre ordenación das prestacións sanitarias no Servizo Nacional de Saúde e o disposto no Decreto 56/2014, de 30 de abril, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos Centros Dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas Fundacións Públicas Sanitarias.
- Prezos públicos derivados da prestación de servizos en dispositivos de risco previsible
- Facturación derivada do Convenio de Colaboración para a atención de lesionados en accidente de tráfico mediante servizos de emerxencias sanitarias para os exercicios 2021-2023, no eido da Sanidade Pública, entre o Consorcio de



Compensación de Seguros, e a Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras (UNESPA)

- Prezos privados derivados da prestación de servizos de formación

As achegas do Servizo Galego de Saúde que se poderán recoñecer a favor da FPUSG-061 como consecuencia da execución deste contrato programa son as que se indican a continuación en importe máximo anual, segundo os documentos RC que constan no expediente:

Transferencia da Comunidade Autónoma	2023
Explotación – Aplicación Orzamentaria: 5001/412A/44312	73.845.648,00

O libramento da transferencia de financiamento realizarase conforme ao seguinte criterio:

1.- **O 95%** do importe mensual que corresponde a cada exercicio librarase mensualmente, nos cinco primeiros días do mes. O importe será o seguinte:

2023: 5.846.113,80 €/mes

2.- **O 5 %** restante librarase bimensualmente, nos cinco primeiros días do mes, unha vez emitida pola FPUSG-061, a certificación correspondente do cumprimento dos **indicadores de actividade e calidade** que sinálanse no seguinte apartado. O importe que correspóndelle no período bimensual é:

2023: 615.380,40 €/bimensual

O peso que ten cada un dos indicadores de actividade e calidade dentro do 5 % variable, é dun 1,25 % cada un

Indicador de actividade: número de mobilizacións dos recursos da RTSUG-061 terrestre.

Descrición: mide o número de mobilizacións dos vehículos terrestres da RTSUG-061 ao longo dun ano. Non precisa fórmula

Obxectivos anuais: 275.000 mobilizacións/ano.

No caso de que un mes non se alcance o obxectivo mensual na súa parte proporcional, poderá compensarse co exceso habido nos meses seguintes, procedendo a súa regularización ao finalizar o ano



En todo caso o valor mínimo anual haberá de ser superior a 200.000 mobilizacións

Indicadores de calidade:

2.1. Indicador de calidade porcentaxe de chamadas perdidas.

Descrición: mide o número de chamadas por liña 061 que non chegan a ser, inicialmente, atendidas por un operador con relación ao total de chamadas recibidas nun período de tempo determinado. Inclúe as chamadas colgadas polo alertante antes de seren atendidas por un teleoperador (abandonadas) e aquelas rexeitadas polo sistema nas que o alertante recibe un ton de liña ocupada (comunicando).

Obxectivo anuais: **≤ 4,00 %**

2.2. Indicador de calidade: tempo de mobilización dos recursos ambulancias asistenciais de soporte vital básico (AA-SVB) en emerxencias

Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o recurso asistencial AA-SVB recibe a orden de mobilización dende a CCUSG-061 ata que inicia efectivamente o desprazamento cara o punto do incidente. Mídese dende os rexistros automáticos do sistema GPS .

Obxectivo anuais: **≤ 3 minutos 30 segundos**

2.3 Indicador de calidade: tempo de mobilización dos recursos ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado AA-SVA en emerxencias

Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o recurso asistencial AA-SVA recibe a orden de mobilización dende a CCUSG-061 ata que inicia efectivamente o desprazamento cara o punto do incidente. Mídese dende os rexistros automáticos do sistema GPS.

Obxectivo anuais **≤ 3 minutos 30 segundos**

5.2 PAIF: PROGRAMA DE ACTUACIÓN, INVESTIMENTO E FINANCIAMENTO DA FPUSG-061 nos exercicios de vixencia do Contrato Programa 2021-2023:

GASTOS CORRENTES	2021	2022	2023
------------------	------	------	------



APROVISIONAMENTOS	52.369.105,00	54.237.029,00	56.441.441
Transporte sanitario urxente terrestre	46.520.748,00	48.304.491,00	49.139.862
Transporte sanitario urxente aéreo	2.270.450,00	2.270.450,00	3.092.047
Operación telefónica	2.817.907,00	2.817.906,00	3.246.633
Outros aprovisionamentos	760.000,00	844.182,00	962.899
PERSOAL	20.909.149,22	21.696.644,00	22.740.961
SERVIZOS EXTERIORES	1.144.028,00	1.148.083,00	1.208.833
TRIBUTOS	0,00	30,00	1.000
AMORTIZACIÓNS	326.141,00	132.857,00	123.728
PERDAS, E VARIACIÓNS DE PROVISIÓNS POR OPERAC. COMERC.	0,00	0,00	-35.158
TOTAL GASTOS CORRENTES	74.748.423,22	77.214.643,00	80.480.805

GASTOS DE CAPITAL	2021	2022	2023
ADQUISICIÓN INMOBILIZADO MATERIAL	0,00	0,00	300.000

INGRESOS CORRENTES	2021	2022	2023
TRANSFERENCIAS SERGAS	66.377.973	71.113.143	73.845.648
Subvención explotación	66.377.973	71.113.143	73.845.648
INGRESOS ACTIVIDADE PROPIA	6.100.000	6.101.500	6.935.157
TOTAL INGRESOS CORRENTES	72.477.973	77.214.643	80.780.805



INGRESOS DE CAPITAL	2021	2022	2023
TRANSFERENCIAS SERGAS	2.270.450,00	0,00	0,00
Subvención de capital	2.270.450,00	0,00	0,00
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL	2.270.450,00	0,00	0,00

5.3 Fórmulas de compensación

Da cordo co establecido no punto 2 do artigo 24 do Decreto 276/2001, do 27 de setembro, se concorren circunstancias que motivan que a FPUSG-061 non poida proporcionar algunhas das prestacións recollidas no contrato programa, deberá de poñelo en coñecemento do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo de que realice as xestións necesarias para a súa prestación. En tal caso, o Servizo Galego de Saúde poderá facilitar os medios necesarios para a provisión de servizos programados nos seguintes supostos:

No caso de que a FPUSG-061 se atope, por circunstancias alleas á mesma, sen persoal sanitario que poida prestar un determinado servizo.

No suposto de que a FPUSG-061, por circunstancias excepcionais, non poida proporcionar algunha das prestacións programadas.

Nestes supostos o Servizo Galego de Saúde poderá axustar as prestacións económicas segundo o nivel de medios que tivera que aportar para estas situacións excepcionais.

No suposto de que se establezan formas de colaboración complementaria entre a FPUSG-061 e o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento de programas concretos de prestación sanitaria ou outras actividades de apoio á prestación de servizos sanitarios que requiran o uso simultáneo de recursos físicos e humanos de ambas institucións establecerase un procedemento de compensación que se regulará no instante da cesión e nos custos dos servizos do módulo correspondente.



5.4 COBERTURA DE HIPOTÉTICO DÉFICITS

Deberá elevarse ao Padroado da Fundación un informe explicativo das causas das desviacións na estimación de ingresos, das previsións de que dito déficit poida repetirse nos exercicios seguintes e do impacto que puidesen ter na consecución dos obxectivos programados, así como, no seu caso, as necesarias modificacións que como consecuencia de devanditos déficits deban introducirse no Contrato Programa e o alcance das mesmas.

6. COMPROMISOS DAS PARTES

Por parte da Xunta de Galicia:

▽ A provisión dos recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos da Fundación, segundo o establecido no Contrato programa, e recollidos nas Leis de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano.

▽ Prestar o apoio e as infraestruturas necesarias para a xestión ordinaria da Fundación

Por parte da FPUSG-061

A FPUSG-061 comprométese a ofrecer ao cidadán a resposta máis adecuada en cada momento á súa solicitude de consulta e asistencia sanitaria urxente extrahospitalaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo criterios de:

- **Accesibilidade:** facilitando e garantindo en cada momento, a recepción, de todas as demandas, e a resposta ponderada en función dos recursos dispoñibles.
- **Equidade:** asignando a resposta atendendo a criterios de gravidade e de optimización de recursos.
- **Universalidade:** dando respostas, dentro da ampla e complexa xeografía galega, as necesidades de consulta, asistencia e transporte sanitario urxente en calquera localización.



- **Coordinación:** empregando para iso a coordinación entre todos os dispositivos existentes, así como medios propios ou contratados.
- **Continuidade:** O servizo realizarase de forma ininterrompida durante as 24 horas do día os 365 días do ano.

A FPUSG-061 garantirá igualdade de atención a todos os pacientes que estableza o Sergas como beneficiarios dos servizos, sen mais diferenzas que as inherentes á natureza propia dos distintos procesos patolóxicos e dos recursos dispoñibles en cada momento.

Acadar o cumprimento de obxectivos de conformidade co establecido no contrato programa cos recursos asignados.

7. CRITERIOS E MECANISMOS DE RESPONSABILIDADE DO PERSOAL DIRECTIVO

O persoal directivo da FPUSG-061, o que se refire o artigo 16 dos seus estatutos estará suxeito a esixencias de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos.

Os indicadores recollidos na Cláusula 4 son a ferramenta a utilizar para avaliar o cumprimento dos obxectivos operativos, e será necesario acadar o valor estándar destes, polo menos, **no 50% do conxunto de indicadores asociados a cada un dos obxectivos.**

Existirá responsabilidade do persoal directivo responsable cando a porcentaxe de obxectivos incumpridos exceda do 50% do total de obxectivos correspondentes á súa área de actividade. Para os efectos anteriores, non se terán en conta os indicadores asociados a obxectivos específicos ou actuacións que se cancelen ou non se leven a cabo por causas independentes da vontade e actividade desta FPUSG-061

En caso de incumprimento, o Padroado, a iniciativa propia, ou por proposta da Dirección, e logo de analizar o conxunto de indicadores que non acadaron o valor de responsabilidade antedito poderá apercibir formalmente aos directores correspondentes



En último termo, se durante tres exercicios consecutivos se produce o apercebimento dalgún membro do equipo directivo, o Padroado poderá aprobar o seu cese, sen prexuízo da concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

Por outro lado, no caso de que se acade ou supere o 80% dos indicadores relativos os obxectivos operativos asociados a cada área da FPUSG-061, de conformidade co previsto no presente contrato programa, as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Padroado estime axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.

8. PROCEDEMENTO PARA INTRODUCCIÓN DE MODIFICACIÓNS OU ADAPTACIÓNS

As modificacións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten á estrutura do contrato programa, serán aprobadas polo Padroado.

Entenderase que as modificacións afectan á estrutura do Contrato programa nos seguintes casos:

- Os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen á FPUSG-061 do financiamento previsto neste contrato programa
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos e/ou específicos.
- A variación da contía dos valores dos indicadores en máis dun 40% do valor fixado (sexa un valor numérico ou temporal)

Nestes supostos procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato programa.

9. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Créase unha comisión de seguimento e control da execución deste contrato - programa, nos termos previstos na Instrución de 08/03/2012 pola que se regula o procedemento para a elaboración dos contratos de xestión ou



contratos programa e as Comisións de control e seguimento dos devanditos contratos, composta por:

- Un representante do Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade
- Un representante da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, da Conselleira de Facenda e Administración Pública
- Un representante da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Consellería de Facenda e Administración Pública
- Un representante da FPUSG-061, que exercerá as funcións de Secretaria da Comisións

A comisión efectuará anualmente, no mes de decembro, un informe de avaliación global do cumprimento do contrato programa, coa proposta de adaptación dos compromisos para o ano seguinte, se fose necesario. Para o cal a FPUSG-061 presentará unha memoria final na que se recollerán os indicadores de realización e de calidade, así como a consecucións dos obxectivos fixados para cada un deles.

Así mesmo, antes do final do período de vixencia do contrato programa esta comisión elaborará un informe global sobre o seu grao de cumprimento, e propoñerá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.

10- MARCO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Para o desenvolvemento dos servizos, programas e obxectivos que se detallan neste contrato programa, a FPUSG-061 comprométese a achegar (durante a vixencia do mesmo), os recursos humanos e materiais necesarios, segundo o descrito no presente documento e no Plan de Urxencias de Galicia, e das modificacións que se decidan de común acordo entre as partes.

No cadro de persoal vixente aprobado pola Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública, estase a



cumprir o plan de optimización de custes de persoal. O seu detalle é o seguinte:

RÉXIME	CÓDIGO	CATEGORÍA	POSTOS
ESTATUTARIO	D-A1-59	DIRECTOR/A 061	1
	D-A1-56	DIRECTOR/A ASISTENCIAL 061	1
	D-A1-57	DIRECTOR/A XESTION E SS.XX 061	1
	D-A1-58	DIRECTOR/A COORDINACIÓN 061	1
	DA-A2-28	SUBDIRECTOR/A PROCESOS ASISTENCIAIS ÁREA DE ENFERMARÍA	1
	N-A1-01	XEFE/A SERVIZO-SUBGRUPO A1	4
	N-A1-05	GRUPO TÉCNICO FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	5
	N-A1-08	TÉCNICO SUPERIOR SISTEMAS TECNOLOXÍAS INFORMACIÓN	4
	N-A2-09	GRUPO XESTIÓN FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	1
	N-C1-02	XEFE/A DE GRUPO-SUBGRUPO C1	2
	N-C1-05	GRUPO ADMINISTRATIVO FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	8
	N-C1-12	TCO. ESPECIALISTA EN SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN	4
	N-C2-09	GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA EQUIPO MECANIZADO	12
	S-A2-50	ENFERMEIRO/A DE BASE SIMPLE 061	72
	S-A2-51	ENFERMEIRO/A DE BASE DOBRE 061	18
	S-A2-53	ENFERMEIRO/A DE CONSULTA SANITARIA 061	7
	SF-A1-04	XEFE/A SERVIZO CON COMPLEMENTO ESPECÍFICO	3
	SF-A1-30	XEFE/A DE BASE SIMPLE 061	10
	SF-A1-31	XEFE/A DE BASE DOBRE 061	2
	SF-A1-32	MÉDICO/A ASISTENCIAL DE BASE SIMPLE 061	50
SF-A1-33	MÉDICO/A ASISTENCIAL DE BASE DOBRE 061	16	
SF-A1-34	XEFE/A DE SALA 061	11	
SF-A1-35	MEDICO/A COORDINADOR 061	34	
LABORAL	G-3-09	TÉCNICO DE XESTIÓN	2
	G-7-08	OFICIAL ADMINISTRATIVO RESPONSABLE ÁREA	1



	G-7-09	OFICIAL ADMINISTRATIVO FACTURACIÓN	RESPONSABLE	1
TOTAL				272

11. CARTEIRA DE SERVIZOS DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061.

- SERVIZOS DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DAS DEMANDAS DE ASISTENCIA SANITARIA A NIVEL EXTRAHOSPITALARIO EN CASOS DE URXENCIAS E EMERXENCIAS A TRAVÉS DA CENTRAL DE COORDINACIÓN DE URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061: desde unha única Central de Coordinación de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (CCUSG-061), centralízanse e xestiónanse a atención de todas as chamadas de demanda de asistencia procedentes de cidadáns, entidades ou organismos públicos e privados que se atopen na Comunidade Autónoma de Galicia, e que se encontren ante un problema médico urxente ou ante unha emerxencia producida fóra do ámbito hospitalario.
- ATENCIÓN E ASESORÍA SANITARIA MEDIANTE A CONSULTA TELEFÓNICA POR PERSOAL SANITARIO ESPECIALIZADO DESDE A CCUSG-061: ante situacións nas que a demanda de atención do problema médico ou emerxencia formulada á CCUSG-061 non requira asistencia sanitaria presencial, nin transporte sanitario, esta poderá ser resolta mediante atención telefónica de consultoría ou asesoría médica ou de enfermería polo persoal da CCUSG-061, ou ben mediante a derivación do caso ao centro sanitario adecuado sen necesidade de mobilizar máis recursos sanitarios.
- SERVIZO DE ATENCIÓN DE CONSULTAS SANITARIAS EN LIÑA A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061:trátase dun servizo de consulta médica telemática dispoñible a través da páxina web da FPUSG-061



(<http://061.sergas.es>) e que só require que as persoas interesadas neste servizo rexistren nesta web unha conta de correo electrónico onde poder recibir as respostas ás consultas de información que formulasen.

- **SERVIZOS DE ASISTENCIA E TRANSPORTE SANITARIO MEDIANTE DISPOSITIVOS DE SOPORTE VITAL BÁSICO DA REDE DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE DE GALICIA (RTSUG-061):** nunha situación na que o problema médico ou de emerxencia polo que un cidadán, entidade ou organismo chama ao teléfono 061 requira unha atención sanitaria presencial, transporte sanitario ou ambas as cousas, a resposta dende a CCUSG-061 poderá ser a mobilización de recursos ou dispositivos sanitarios, principalmente os dispositivos da Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia. As ambulancias asistenciais de SVB da RTSUG-061 son vehículos de asistencia e de transporte urxente capaces de prestar soporte vital básico, desfibrilación e coidados básicos de saúde. A mobilización destes recursos tamén pode supoñer a mobilización de persoal do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), fundamentalmente persoal médico e de enfermería de atención primaria.
- **SERVIZOS DE ASISTENCIA E TRANSPORTE SANITARIO MEDIANTE DISPOSITIVOS DE SOPORTE VITAL AVANZADO, AMBULANCIAS ASISTENCIAIS DE SOPORTE VITAL AVANZADO (AA-SVA) OU HELICÓPTEROS MEDICALIZADOS DA REDE DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE DE GALICIA (RTSUG-061):** as ambulancias asistenciais de SVA son dispositivos que proporcionan asistencia e transporte sanitario urxente fóra do ámbito do hospital, dotadas de persoal sanitario (médico e/ou enfermeiro) experto en emerxencias con capacidade para aplicar manobras de soporte vital avanzado e coidados especializados a pacientes críticos. Os helicópteros medicalizados son aeronaves cun equipamento que permite prestar asistencia médica "in situ" e transporte sanitario urxente a pacientes críticos, no menor tempo posible, con persoal especializado e cos elementos necesarios para a realización das manobras de soporte vital avanzado.



- **SERVIZOS DE XESTIÓN, COORDINACIÓN E ASISTENCIA SANITARIA EN INCIDENTES DE MÚLTIPLES VÍTIMAS, CATÁSTROFES E EVENTOS DE CONCORRENCIA PÚBLICA:** este servizo consiste na xestión, coordinación telefónica e asistencia sanitaria presencial dos recursos da RTSUG-061, así como do material específico e doutros recursos asistenciais (ambulancias ou persoal sanitario de atención primaria) en sucesos como accidentes ou catástrofes que produzan múltiples feridos.
- **SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DE DISPOSITIVOS SANITARIOS DE RISCO PREVISIBLE (DSRP):** o servizo consiste en prestar asistencia sanitaria presencial, mediante dispositivos sanitarios extraordinarios que intentan anticiparse a unha situación de risco para a saúde individual ou colectiva. Con motivo de acontecementos públicos, como congregacións multitudinarias, concentracións deportivas, visitas de personalidades, que son susceptibles de producir gran número de feridos.
- **SERVIZOS DE VIXILANCIA EPIDEMIOLÓXICA, PREVENCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA E INFORMACIÓN SANITARIA:** este servizo consiste no rexistro e comunicación aos órganos da Administración autonómica responsables do Programa de vixilancia epidemiolóxica de Galicia de todos os datos de interese sanitario que deriven da atención prestada ou coordinada pola FPUSG-061, e que sexan útiles para colaborar no desenvolvemento de actividades preventivas e de vixilancia epidemiolóxica.
- **SERVIZO DE ASESORÍA EN MATERIA DE URXENCIAS E EMERXENCIAS AOS PROFESIONAIS SANITARIOS:** céntrase na atención telefónica e asesoramento aos profesionais sanitarios de atención primaria, fundamentalmente durante os períodos de quendas, colaborando nas decisións que se deben tomar sobre a asistencia, tratamento e derivación dos pacientes críticos.



- SERVIZO DE FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN EN MATERIA DE COORDINACIÓN, REGULACIÓN MÉDICA E ASISTENCIA SANITARIA URXENTE: a través da xestión do Centro de formación en medicina de urxencias, emerxencias e catástrofes de Galicia, a FPUSG-061 leva a cabo un proceso continuo de detección de necesidades, programación e desenvolvemento de actividades formativas dirixidas:
 - a todo o persoal sanitario da Fundación
 - ao persoal que realiza a súa formación especializada en medicina e enfermería
 - a profesionais sanitarios que sen formar parte da FPUSG-061 prestan atención urxente
 - á cidadanía

Así mesmo, a área de investigación constitúe unha das prioridades dentro da carteira de servizos, adaptada as peculiaridades do desempeño profesional que se realiza na FPUSG-061. Co obxectivo de aumentar a calidade de atención aos pacientes, revísanse anualmente os procedementos de patoloxías que están en continua evolución, valorando a súa eficacia e impacto na saúde da poboación.

12 .- RECURSOS DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061

A FPUSG-061 xestiona os seguintes recursos, as 24 horas ao día, os 365 días do ano dando cobertura a toda a comunidade Galega:

A.- Central de Coordinación Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (CCUSG-061).

A FPUSG-061, conta cunha Central de Coordinación, a cal constitúe o eixe básico de articulación do sistema de intervención en casos de urxencia e emerxencia médica. É aquí onde se reciben as chamadas, se analiza a información obtida e, se a urxencia o require, é de aquí de onde parten as ordes para a mobilización dos recursos móbiles propios o alleos.

✓ Recursos humanos



Na CCUSG-061 traballan de maneira coordinada e sincrónica dous grupos funcionais.

- O equipo de regulación, asesoría e consulta sanitaria formado por médicos coordinadores, enfermeiros de consulta e formadores, todos eles persoal da FPUSG-061. Toda a actividade que se desenvolve está supervisada polo médico coordinador que en cada quenda de traballo exerce función de xefe de sala, o responsable operativo máximo do que ten lugar na CCUSG-061 e das decisións que dela emanan.

- O equipo que desenvolve a actividade de recepción e operación telefónica (teleoperadores e locutores) segundo o contrato do servizo de operación telefónica, na data actual é de 24 de marzo de 2020, expediente **Nº AB-FUS1-19-005**

✓ **Recursos técnicos:**

A CCUSG-061 dispón dunha rede de postos informáticos que teñen instalada como aplicación informática principal o aplicativo ACORDE (Aplicación para a Coordinación De Emerxencias). Dita aplicación é de deseño e desenvolvemento propio e permite a xestión a nivel informático de toda a actividade xerada na CCUSG-061 dende a entrada da chamada ata a finalización do proceso asistencial. Dispón de módulos para cada tipo de usuario (médico, enfermeiro, teleoperador, locutor) facilitando a cada un o seu labor (clasificación automática da demanda, seguimento a tempo real dos servizos, apartados para codificación de datos clínicos, etc.).

Ademais, todas as ambulancias da RTSU levan instalados sistemas de localización GPS, o que permite o control instantáneo de flota dende a CCUSG-061. O sistema GPS leva integrado un módulo de comunicación vía GPRS que permite comunicacións mediante mensaxeira instantánea (posicións / estados dos recursos, direccións dos incidentes...) sen necesidade de establecer comunicación de voz (por teléfono ou radio).

B.- Rede de Transporte Sanitario Urgente .



A FPUSG-061 xestiona un conxunto de recursos asistenciais de soporte vital básico e de soporte vital avanzado que constitúen a rede de transporte sanitario urxente de Galicia, RTSU. Unha rede integral, permanente, e coordinada dende a CCUSG-061, de ambulancias de urxencia deseñada para atender ás diversas necesidades de asistencia e transporte sanitario urxentes.

No relativo aos recursos, a Fundación conta con:

- **2 helicópteros sanitarios** nas cidades de Santiago e Ourense, dotados de persoal facultativo e de enfermería, e co equipamento necesario para a realización de soporte vital avanzado

- **16 ambulancias de soporte vital avanzado (AA-SVA)**, todas eles co material necesario para prestar soporte vital avanzado, co seguinte detalle:

- 12 AA-SVA, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias, persoal médico e de enfermería.

- 4 AA-SVA, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias e persoal de enfermería

- **107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico (AA-SVB)**, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias, e o equipamento necesario para prestar soporte vital básico

- **2 ambulancias convencionais (AC)**, localizadas en do Folgoso do Caurel e Pedrafita do Cebreiro, dotadas de desfibrilador semiautomático (DESA) e material de inmovilización

Na actualidade a prestación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre desenvólvese nas seguintes áreas de transporte sanitario urxente:

Área de A Coruña
Área de Baixo Miño
Área de Barbanza Muros
Área de Bergantiños/Costa da Morte



Área de Caldelas -Limia
Área de Ferrol
Área de Lugo
Área da Mariña Lucense
Área de Ourense
Área de Pontevedra
Área de Salnes
Área de Santiago
Área de Valdeorras/Verin/Lemos
Área de Vigo

C. Centro de Formación en medicina de urxencias, emerxencias e catástrofes:

Estruturado de forma descentralizada por toda Galicia, a través da comisión de docencia, con unha referencia nas oficinas centrais no CAIE (Centro de Atención Integral ás emerxencias) situado en A Estrada, onde encontrase a secretaría técnica e a xefatura do servizo

Para impartir as actividades formativas conta con profesionais propios e coa colaboración doutros de recoñecido prestixio.

13.-PROCESOS CLAVE E PROGRAMAS ASISTENCIAIS DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA

A. PROCESOS CLAVE:

A.1.- Xestión da chamada:

O proceso iniciase na Central de Coordinación del 061 de Galicia coa recepción da chamada, con descolgue automático aos 3 segundos, a clasificación e a análise da demanda polo teleoperador que traspasa a chamada a un médico ou enfermeiro de coordinación. Tras un completo



interrogatorio clínico chegarán a unha conclusión, emitirá unha opinión e os consellos sanitario necesarios que orientarán cara a resolución do problema.

A resposta pode finalizar aquí ou ben ser derivado a un centro sanitario, a necesidade de unha visita médica no domicilio ou asignar un recurso móbil para atender ao paciente in situ ou ben ser trasladado a un centro sanitario.

A.2. Asistencia e transporte sanitario urgente.

Os recursos asistenciais da FPUSG-061 incluídos na RTSU prestan asistencia sanitaria urgente, soporte vital avanzado (AA-SVA), soporte vital básico (AA-SVB), e transportan ao centro sanitario adecuado se é necesario, nas situacións nas que o médico coordinador determina a necesidade de intervención dun recurso asistencial para a resolución do problema de saúde.

Dentro do proceso clave da asistencia e transporte sanitario urgente inclúese o proceso asistencial de atención integral á PCR da FPUSG-061. Este proceso ten a misión de diminuír a mortalidade e as secuelas nos paciente vítimas dunha parada cardiorespiratoria na comunidade autónoma de Galicia.

A.3. Dispositivos Sanitarios de Risco Previsible (DSRP)

A FPUSG-061, xestiona de maneira integral dispositivos asistenciais preventivos, partindo dunha avaliación inicial de riscos e potenciais necesidades, deséñanse e desenvólvense operativos orientados a controlar situacións que poida supoñer un risco para a saúde individual ou colectiva.

A.4. Formación, Investigación e Desenvolvemento

A FPUSG-061 a través da xestión do Centro de Formación en Medicina de Urxencias, Emerxencias e Catástrofes de Galicia, desenvolve un proceso continuo de detección de necesidades, programación e desenrolo de actividades formativas tanto internas, dirixidas a todo o persoal sanitario da Fundación, como externas, de forma que sexan instrumento de xestión e



contribuían á mellora da cualificación e capacitación profesional das persoas ás que van dirixidas.

B. PROGRAMAS ASISTENCIAIS

B.1. Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio: PROGALIAM:

Programa promovido pola FPUSG-061, coa misión de mellorar a atención ao síndrome coronario agudo na comunidade galega.

O programa basease na integración operativa e óptima coordinación entre os distintos niveis asistenciais e servizos implicados na detección, estabilización, estratificación, e tratamento definitivo en casos de infarto agudo de miocardio na Comunidade Galega.

A través de este sistema organizado e coordinado desde a FPUSG-061, calquera paciente que sofre un evento coronario destas características a calquera hora e en calquera lugar de Galicia, é susceptible de recibir a mellor asistencia posible segundo a súa localización.

A FPUSG-061 garante a accesibilidade dos usuarios a este programa, facilita a identificación de casos susceptibles, activa o sistema en caso necesario, decide a necesidade de reperfusión e, traslada os pacientes ao centro útil (hospitais con servizo de hemodinámica, se é necesario) garantindo o retorno dos paciente a súa área sanitaria despois do tratamento.

A FPUSG-061 forma parte coma membro activo da comisión de control e seguimento do Rexistro Galego do Infarto Agudo de Miocardio (REGALIAM), órgano responsable de realizar o seguimento da actividade do mesmo.

B.2. Programa Alerta Corazón



Programa asistencial que ten por obxectivo facilitar a atención urxente daqueles pacientes con antecedentes de patoloxía cardíaca grave (infarto agudo de miocardio e anxina de peito) no ámbito da Comunidade Galega.

Para tal fin a FPUSG-061 mantén, renovando e incorporando novos pacientes, unha base de datos informatizada e integrada co sistema de xestión da CCUSG-061, onde se recollen os datos fundamentais de súa historia clínica.

Os pacientes incluídos son recoñecidos polo sistema en caso de demanda, e o médico coordinador ten nese caso toda a información dispoñible permitindo unha toma de decisión mais áxil e eficaz.

B.3. Programa ACOUGO:

Este programa basease na coordinación de recursos entre os distintos niveis asistenciais, e de ser preciso, outras institucións (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Administración de Xustiza) en situacións nas que os pacientes sofren unha descompensación dunha patoloxía psiquiátrica crónica ou o debut dun cadro agudo.

O programa facilita o acceso inmediato das persoas afectadas a través da vía telefónica. Conta cun protocolo específico de intervención dirixido aos pacientes.

Asegúrase o traslado de pacientes en condicións de seguridade, rapidez e dignidade e garante a información, o asesoramento e a orientación dos pacientes, familiares e cidadáns.

B.4. Alerta escolar:

Alerta Escolar é un conxunto organizado de accións administrativas, informativas e operativas que pretende achegar unha atención sanitaria inmediata e eficaz a todos os nenos escolarizados de entre 0-16 anos, que padecen patoloxías crónicas susceptibles de descompensación con compromiso vital.

Pretende a coordinación entre o profesorado (facendo que sexa capaz de recoñecer a emerxencia médica provocada por un cadro agudo das



patoloxías descritas, e de prestar unha primeira atención mentres chegan os recursos adecuados), e a CCUSG-061.

Tras recibir unha alerta, o recoñecemento do paciente inscrito nunha base de datos e o acceso inmediato ao seu historial clínico, posibilita acadar un alto nivel de eficacia e unha racional utilización dos recursos dispoñibles para a atención da emerxencia. Á vez, o profesor responsable designado en cada caso é dirixido por un médico desde a CCUSG-061 na asistencia do neno afectado, podendo, se é preciso, administrarlle, de maneira precoz, unha medicación pautada de antemán, que é conservada e custodiada no centro escolar.

B.5. Hospitalización a Domicilio (HADO):

Programa de colaboración entre as unidades HADO dos distintos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde e a FPUSG-061.

O obxectivo é garantir a continuidade asistencial para estes pacientes durante as 24 horas do día, os 365 días do ano.

Na CCUSG-061 dispónse dun listado actualizado dos pacientes ingresados en cada unidade, no que constan os datos de identificación do paciente, idade, teléfonos do domicilio, dirección, diagnóstico e motivo de ingreso, así como da medicación pautada pola unidade correspondente. Desta forma podemos aconsellar ou asistir mellor a estes enfermos, ao coñecer a súa patoloxía.

Para iso, a FPUSG-061 poderá mobilizar recursos propios ou os de Atención Primaria.

B.6. Coordinación e asistencia extrahospitalaria de pacientes con Ictus (dentro do Plan de asistencia ao Ictus en Galicia)

O programa ten como finalidade prestar, a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, un servizo de atención coordinada e de calidade ao ictus, desenvolvendo un sistema que permite a rápida identificación, notificación e traslado de calquera paciente cun ictus agudo ao hospital de referencia máis próximo e que estea preparado para valorar e realizar o procedemento terapéutico adecuado ás necesidades asistenciais dese paciente.



B.7. Coordinación e asistencia extrahospitalaria a pacientes con Sepsis (dentro do Plan de Atención á Sepsis).

O programa ten coma finalidade a detección precoz e inicio de tratamento desta patoloxía tempo-dependente dende o propio lugar onde é requirida a asistencia. A coordinación entre os dous niveles asistenciais (FPUSG-061- hospital) fai posible unha mellora dos tempos de atención ao paciente que repercute finalmente nun aumento da supervivencia.

B.8. Programa de Desfibrilación Externa Semiautomática (DESA)

Este programa ten por obxecto facilitar a desfibrilación precoz nos casos de parada cardíaca, mediante a difusión da formación en soporte vital básico á poboación en xeral e a regulación do uso de desfibriladores por persoal non sanitario.

A FPUSG-061 xestiona e supervisa as altas dos aparellos conforme á lexislación actual; sendo á vez a unidade de referencia para os novos propietarios dos DESA. Estes desfibriladores están xeolocalizados sendo visible esta información dende a central de coordinación ou dende a APP "Urxencias Sanitarias 061". A xeolocalización facilita que a FPUSG 061 poida realizar unha indicación de uso dos mesmos e guiar a reanimación cardiopulmonar mentres non chegan ao os recursos asistenciais propios.

Así mesmo, dende o ano 2000 todas as ambulancias de soporte vital básico (AA-SVB) contan con DESAs para poder ser manexados polos técnicos de emerxencias sanitarias.

B.9. Programa alerta pediátrica:

Programa en colaboración co servizo de UCI pediátrica de CHUS, e co obxectivo de dar consello médico telefónico e prestar asistencia aos doentes en idade pediátrica que previamente estiveron ingresados na UCI e que precisan apoio tecnolóxico domiciliario como parte do seu tratamento ambulatorio e contando coa posibilidade de comunicación directa da UCI pediátrica do CHUS.



B.10-.Programa código dispnea:

Plan de asistencias a pacientes filiados polos servizos de Pneumoloxía con hospital de día cuxo obxectivo é optimizar a coordinación de todos os recursos sanitarios para unha atención eficiente e segura dos pacientes respiratorios crónicos descompensado incluídos nos programas específicos dos hospitais de día de Pneumoloxía das Areas Sanitarias de Lugo, Santiago, Ourense e Vigo, protocolizando co 061 a utilización da RTSU directamente aos hospitais de día optimizando desta maneira a mellor xestión dos recursos sanitarios.

B.11. Plan de prevención do suicidio en Galicia:

Plan cuxo obxectivo é diminuír a incidencia e prevalencia da conduta suicida. Aumentando a coordinación entre as institucións e axentes implicados na prevención da conduta suicida. O plan pretende facer máis accesibles os servizos públicos das persoas con risco suicida e os seus achegados a través da liña 061 orientada a unha avaliación do risco suicida (SAD PERSON) adecuado ás necesidades terapéuticas do paciente.

B.12. Programa código anafilaxía:

Plan que ten como obxectivo principal identificar precozmente o paciente cun cadro de anafilaxia en todos os ámbitos asistenciais mediante unha actuación coordinada multidisciplinar e garantir a implantación de forma inmediata todas as medidas que demostraron a diminución da mortalidade por anafilaxia con administración de adrenalina, co fin de mellorar a supervivencia e reducir as complicacións. O plan prevé tamén un registro de pacientes diagnosticados de anafilaxia nas consultas de Alergología de Galicia e implementada no 061.

B.13. Programa toxicolóxico

Programa desenvolvido polo 061, en colaboración co Servizo de Toxicoloxía Forense da Facultade de Medicina da USC cuxa misión é proporcionar un servizo durante 24 horas os 365 días do ano para responder da maneira máis rápida posible ás chamadas por intoxicacións máis frecuentes recibidas no 061, tanto a pacientes como a persoal sanitario.



B.14. Programa código trauma

Programa desenrolado a través do SERGAS, na que a FPUSG-061 participa de forma activa asumindo a responsabilidade extrahospitalaria destes doentes, tanto an nivel de coordinación coma asistencial. O obxectivo é facilitar a mellor resposta cando unha persoa sofre un traumatismo grave. A coordinación entre os distintos niveis asistenciais (FPUSG-061- hospital) nunha patoloxía tempo-dependente repercute nunha mellora do proceso da atención integral ao paciente, diminuíndo as secuelas e aumentando a supervivencia.



ANEXO I. CONTRATO PROGRAMA. VINCULACIÓN OBXECTIVOS CO PEG 2021-2030

En relación cos obxectivos estratéxicos da Fundación definidos no apartado catro do presente contrato programa, cumpre sinalar que as actuacións previstas na dita Estratexia son coherentes con algúns Obxectivos Estratéxicos que se están deseñando para o novo Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030, actualmente en fase de elaboración.

Os indicadores de produtividade asociados a estas actuacións serán os correspondentes ao dito obxectivo estratéxico E2.PA1.E02 do PEG 2015-2020 e aos que se inclúan nos obxectivos Estratéxicos do PEG 2021-2030.

No referente aos contidos mínimos establecidos no artigo 46 – quater. Planes sectoriais e transversais do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, estes son recollidos pola Estratexia.

